
ONCE DAMAS ATREVIDAS

Adaptación de XOSÉ MANUEL GONZÁLEZ 'OLI'

Ilustracións de HELLE THOMASSEN

Encadernado en cartón. 22 x 22 cm. 32 páx. 13 €.

PROGRAMA NACIONAL DE LECTURA (SEP México) 2007
Selección MINISTERIO DE EDUCACIÓN (Argentina) 2014
PLAN NACIONAL DE LECTURA (PNL Portugal)

Once damas atrevidas (galego)

ISBN 978-84-8464-085-1. Os contos do trasno.

Once damas atrevidas (castelán)

ISBN 978-84-8464-086-8. Cuentos tradicionales.

Onze dames atrevides (catalán)

ISBN 978-84-16804-45-0. Contes tradicionals.

Hamalka andere ausart (euskera)

ISBN 978-84-9172-038-6. Herri ipuinak.

Once damas atrevidas (portugués)

ISBN 978-972-8781-06-4. Contos tradicionais.

Once damas atrevidas

camiñaron ata Fez;

unha perdeuse nos contos,

non quedaron máis que dez...

Estas damas atrevidas farán un percorrido por todo o mundo e, en cada aventura, desaparecerá unha... “Once damas atrevidas” aproveita a estrutura das rimas populares que se atopan en todos os pobos para crear un conto que actualiza e aproxima os primeiros lectores a unha vella rima tradicional, mediante o recurso dunha viaxe imaxinaria a través de diferentes espazos xeográficos e realidades culturais.


Isto ofrécelles aos lectores a posibilidade de participar do conto grazas á repetición dese esquema narrativo e descubrir ao mesmo tempo certos fitos culturais, arquitectónicos ou paisaxísticos das terras polas que van realizando esa viaxe. Estamos ante unha actualización dos temas de sempre, realizada cun certo ton humorístico e desenfadado, tanto no que respecta ao texto como ás ilustracións.

Precisamente, a proposta estética invita a unha viaxe polas cores e as atmosferas, que fan da súa observación un xogo que se satisfai cos continuos descubrimentos da riqueza de detalles que caracteriza o traballo de Helle Thomassen.

Este libro foi recomendado polo seminario de Librerías Especializadas en Literatura Infantil da Confederación Española de Gremios e Asociacións de Libreiros (CEGAL).

www. **kalandraka**.com

comunicacion@kalandraka.com



- **Temática:** conto tradicional adaptado, de estrutura rítmica, sobre viaxes.
- **Idade recomendada:** a partir de 4 anos.
- **Aspectos destacables:** rimas, repeticións, imaxes cheas de colorido; coñecemento xeográfico e matemático (restas), descrición de lugares e situacións; do autor de “[O pirata pata de lata](#)”, “[Os ratos da casa](#)” (Kalandraka) e “[Artur](#)” (Faktoria K); da ilustradora de “[O pito cairo](#)” (Kalandraka).

Xosé Manuel González 'Oli'

(Cangas, 1960)

Mestre de Primaria, tradutor, escritor e especialista en literatura infantil e xuvenil. Co-director da colección Seteleguas de KALANDRAKA, editorial na que publicou “Once damas atrevidas”, “O pirata pata de lata” e “Artur” (Faktoria K). Foi responsable das páxinas de literatura infantil da Revista Galega de Educación.
<http://www.librosdeoli.gal>

Helle Thomassen

(Dinamarca, 1963)

Estudou na Escola Superior de Arte para Teatro, Música e Pintura de Holbaek Slot Ladegard (Dinamarca). Ampliou a súa formación na Escola de Arte e Deseño de Copenhague, onde se especializou en Deseño Gráfico. Dende 1990 traballou nos estudos da produtora de cine AGF (Berlín) facendo animacións e *storyboards*. É debuxante e ilustradora para teatros, xornais, editoriais e series de animación. Participou en diversas exposicións en Barcelona, onde reside.

<http://hellethomassen.blogspot.com.es>

